



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas la consulta pública abierta por la Comisión Europea para abordar una posible flexibilización de la normativa establecida para la determinación de las cuotas pesqueras.**

El sector pesquero gallego lleva años demandando una PPC justa, que tenga en cuenta los factores socioeconómicos, la importancia de la actividad pesquera en las comarcas costeras, un reparto equilibrado de las cuotas en las zonas donde la pesca es un sector estratégico, como en Galicia, y que las decisiones de recortes de cuotas o cierre de caladeros se basen en informes científicos rigurosos.

La Comisión Europea podría estar valorando la necesidad de revisar la normativa establecida para evitar recortes drásticos de las cuotas pesqueras para el próximo año. Actualmente, las cuotas se determinan en función de si existe la probabilidad de que una población de peces descienda por debajo de su límite biológico seguro, que no debe ser inferior al 5 %; si se supera ese umbral, es cuando se aplican reducciones en las cuotas.

La propia UE estaría admitiendo las dificultades que genera la aplicación de esta rígida normativa y el hecho de que pueda dar lugar a inseguridad jurídica, además de causar drásticas reducciones en las cuotas. De hecho, la propia Comisión reconoce que la norma del 5 % puede superponerse a otras, como la del plan plurianual en el caso de la flota gallega y la que faena en aguas atlánticas, y que ha recibido constantes quejas y críticas por los tremendos recortes en las cuotas. Razón por la que se estaría considerando la necesidad de presentar una nueva propuesta que tenga en cuenta los impactos socioeconómicos en las flotas pesqueras.

De ser así, por fin la Comisión Europea estaría tomando nota de la denuncia hecha por el sector pesquero gallego, trasladada por el BNG en numerosas ocasiones, sobre las nefastas consecuencias de los brutales recortes establecidos año tras año, sobre todo en especies objetivo, como en el caso de este año con el lirio y la caballa, que en ningún momento tuvieron en cuenta los criterios socioeconómicos y que se llevaron a cabo sin articular fondos compensatorios para las flotas afectadas, como la gallega, más allá de los insuficientes fondos FEMPA.



Tras las reiteradas críticas del sector pesquero y del recurso presentado ante el Tribunal de Justicia de la UE por parte del sector pesquero gallego contra el Gobierno del Estado y la Xunta para anular las 87 vedas, la Comisión Europea abrió una consulta pública para recopilar observaciones, propuestas y sugerencias que pueden presentar Gobiernos, el propio sector, cofradías, organismos científicos, entre otros, para abordar posibles modificaciones en la gestión en el Atlántico nororiental, el Báltico y el Mar del Norte y en el Mediterráneo occidental. El plazo está habilitado hasta el 23 de junio.

Una vez finalizado el proceso de recogida de aportaciones, datos o propuestas, la Comisión Europea tiene previsto el tercer trimestre de este año para concluir cambios o medidas correctoras y la revisión de los planes de gestión para mejorar la seguridad jurídica y compatibilizar la pesca sostenible con la viabilidad socioeconómica.

Como hemos denunciado en numerosas ocasiones, el sector pesquero gallego está atravesando una situación crítica en la que se juntan la burocracia procedente del nuevo Reglamento de control, los recortes constantes en las cuotas pesqueras y los efectos de la guerra de los EAE e Israel contra Irán, con la derivada del encarecimiento de los precios de los combustibles y el próximo fin de las limitadas medidas aprobadas por el Gobierno. Un cóctel que está complicando cada vez más la posibilidad de salir al mar y de que sea rentable.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Presentará el Gobierno del Estado, concretamente el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, propuestas, sugerencias u observaciones al proceso de consulta abierto por la Comisión Europea, con plazo hasta el 23 de junio, para abordar una posible flexibilización de la normativa establecida en la gestión de las cuotas pesqueras en el Atlántico nororiental, el Báltico y el Mar del Norte y en el Mediterráneo occidental? ¿Si es así, puede compartir cuáles van a ser y su sentido?
2. ¿Incorporará el Gobierno, dentro de sus aportaciones, la propuesta de que se tengan en cuenta los factores socioeconómicos y el peso de la pesca en las zonas costeras de Galicia a la hora de decidir las cuotas pesqueras? ¿Aprovechará para reclamar la consideración de Galicia como Zona Altamente Dependiente de la Pesca?
3. ¿Exigirá el Gobierno que la nueva regulación garantice que todas las decisiones sobre las cuotas de pesca vayan siempre y necesariamente acompañadas de informes científicos rigurosos?



4. ¿Ha establecido o va a establecer canales de diálogo con el sector pesquero, especialmente con el sector gallego, para que este pueda hacer llegar propuestas en defensa de un sistema de cuotas justo, equilibrado y que tenga presente la viabilidad del sector, haciendo compatible la sostenibilidad y la preservación de los ecosistemas con las condiciones socioeconómicas y el mantenimiento de la actividad pesquera?
5. ¿Cuándo se prevé que la Comisión Europea disponga de unas conclusiones para poder aplicar medidas correctoras o medidas destinadas a flexibilizar y mejorar la normativa establecida para evitar recortes drásticos en las cuotas pesqueras como ha venido sucediendo en los últimos años?
6. ¿Qué disposición tiene el Gobierno para dar el máximo apoyo al sector pesquero gallego para defender su viabilidad futura ante la Comisión Europea?

En Madrid, a 5 de junio de 2026

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

05 JUN. 2026 11:49:59

Entrada **117858**

## Sobre flexibilización da normativa establecida para a determinación das cotas pesqueiras pola CE

|                 |                                                                                                               |
|-----------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Competencia     | Otros Expedientes                                                                                             |
| Tipo Expediente | 300-Escrito en lengua<br>española distinta del<br>castellano, oficial en<br>Comunidad Autónoma (art.<br>92.1) |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á consulta pública aberta pola Comisión Europea para abordar unha posíbel flexibilización da normativa establecida para a determinación das cotas pesqueiras.**

O sector pesqueiro galego leva anos demandando unha PPC xusta, que teña en conta os factores socio-económicos, a importancia da actividade pesqueira nas comarcas costeiras, un reparto equilibrado das cotas nas zonas onde a pesca é un sector estratéxico, como na Galiza, e que as decisións de recortes de cotas ou fechamento de caladoiros se asenten en informes científicos rigorosos.

A Comisión Europea podería estar valorando a necesidade de revisar a normativa establecida para evitar recortes drásticos das cotas pesqueiras para o vindeiro ano. Actualmente, as cotas determinanse en función de se existe a probabilidade de que unha poboación de peixes descenda por debaixo do seu límite biolóxico seguro, que non debe ser inferior a 5%, de superar este limiar, é cando se aplican reducións nas cotas.

A propia UE estaría admitindo as dificultades que xera a aplicación desta rixida normativa e o feito de que poida dar lugar a inseguranza xurídica, ademais de causar drásticas reducións nas cotas. De feito, a propia Comisión reconece que a norma de 5% se pode superpor a outras como a do plan plurianual no caso da frota galega e a que faena en augas atlánticas, e que recibiu constantes queixas e críticas polos tremendos recortes nas cotas. Razón pola que estaría a

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

05 JUN. 2026 11:49:59

Entrada **117858**



considerar a necesidade de presentar unha nova proposta que teña en conta os impactos socio económicos nas froas pesqueiras.

De ser así, por fin a Comisión Europea estaría tomando nota da denuncia feita polo sector pesqueiro galego, trasladada polo BNG en numerosas ocasións, sobre as nefastas consecuencias dos brutais recortes establecidos ano tras ano, sobre todo en especies obxectivo, como no caso deste ano co lirio e a xarda, que en ningún momento tiveron en conta os criterios socioeconómicos e que se levaron a cabo sen artellar fondos compensatorios para as froas afectadas como a galega, máis alá dos insuficientes fondos FEMPA.

Após das recorrentes críticas do sector pesqueiro e do recurso presentado ante o Tribunal de Xustiza da UE por parte do sector da pesca galego o Goberno do Estado e a Xunta para anular as 87 vedas, a Comisión Europea abriu unha consulta pública para recompilar observacións, propostas e suxestións que poden presentar Gobernos, o propio sector, confrarías, organismos científicos, entre outros, para abordar posíbeis modificacións na xestión no Atlántico nororiental, o Báltico e o Mar do Norte e no Mediterráneo occidental. O prazo está habilitado até o 23 de xuño.

Unha vez finalizado o proceso de recollida de aportacións, dados ou propostas, a Comisión Europea manexa o terceiro trimestre deste ano para concluír cambios ou medidas correctoras e a revisión dos planes de xestión para mellorar a seguridade xurídica e compatibilizar a pesca sustentábel coa viabilidade socio económica.

Como temos denunciado en numerosas ocasións, o sector pesqueiro galego, está atravesando por unha situación crítica na que se xuntan a burocracia procedente do novo Regulamento de control, os recortes constantes nas cotas pesqueiras e os efectos da guerra dos EAE e Israel contra o Irán coa derivada do encarecemento dos prezos dos combustíbeis e o próximo fin das limitadas medidas aprobadas polo Goberno. Un cóctel que está complicando cada vez máis poder saír ao mar e que sexa rendíbel.



**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Presentará o Goberno do Estado, concretamente o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, propostas, suxestións ou observacións ao proceso de consulta aberto pola Comisión Europea, con prazo até o 23 de xuño, para abordar unha posíbel flexibilización da normativa establecida na xestión das cotas pesqueiras no Atlántico nororiental, o Báltico e o Mar do Norte e no Mediterráneo occidental? De ser así, pode partillar cales van ser e o seu sentido?
2. Incorporará o Goberno dentro das súas achegas a proposta de que se teñan en conta os factores socio económicos e o peso da pesca en zonas costeiras da Galiza á hora de decidir as cotas pesqueiras? Aproveitará para reclamar a consideración da Galiza como Zona Altamente Dependente da Pesca?
3. Demandará o Goberno que a nova regulación asegure que todas as decisións sobre as cotas de pesca se acompañen sempre, necesariamente, de informes científicos rigorosos?
4. Estabeleceu ou vai establecer canles de diálogo co sector pesqueiro, especialmente co galego, para que este poida facer chegar propostas na defensa dun sistema de cotas xusto, equilibrado e que teña presente a viabilidade do sector, facendo compatíbel a sustentabilidade e a preservación dos ecosistemas coas condicións socio económicas e o mantemento da actividade pesqueira?
5. Cando se prevé que a Comisión Europea dispoña dunhas conclusións para poder aplicar medidas correctoras ou medidas destinadas a flexibilizar e mellorar a normativa establecida para evitar recortes drásticos nas cotas pesqueiras como ven sucedendo nos últimos anos?



6. Que disposición ten o Goberno a dar o máximo apoio ao sector pesqueiro galego para defender a súa viabilidade futura ante a Comisión Europea?

Madrid, a 5 de xuño de 2026

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**